

Produce:  
**limiar**

Distribúe:  
  
**CRÉMILLO**

# Don Quixote

**Unha comedia... gastronómica!**



IV CENTENARIO  
DE LA  
MUERTE DE  
CERVANTES



Sociedad Cervantina



Fundación  
Dieta  
Mediterránea





GALICIA ESCENA PRO 2015

ESCENA CERVANTES 2015

**\*Espectáculo recomendado na “Guia del Ocio EL PAIS”**



# O ESPECTÁCULO

Don Quixote é unha comedia gastronómica que mestura narración oral, manipulación de obxectos e cociña en directo para dar lugar a esta exitosa versión gastronómica da obra de Cervantes.


Alonso, cociñeiro, comeza a preparar unha demostración culinaria sobre as bondades da dieta mediterránea. O prato escollido é o "Potaxe de vixilia" O mesmo que lle ofreceron a Don Quixote na súa primeira saída antes de ser armado cabaleiro andante. Alonso converterase en Quixote mentres prepara ese saboroso prato. Un xogo teatral e gastronómico no que o humor e tolemia de Don Quixote encarnaranse no corpo de Alonso dando lugar a un espectáculo áxil, saboroso e nutritivo. Alguén quedará sen probar vos garavanzos?.





# IV CENTENARIO

2015 foi o IV centenario da publicación da segunda parte de Don Quixote e 2016 é o dos 400 anos da morte de Miguel de Cervantes. Trátase polo tanto dunha proposta ideal coa que celebrar estes importantes aniversarios.



**IV CENTENARIO  
DE LA  
MUERTE DE  
CERVANTES**







# O PÚBLICO

Un espectáculo para todos os públicos no que durante o proceso de creación xeráronse máis de 3 horas de materiais dos cales se seleccionan 50 minutos segundo as idades dos espectadores. A proposta pode adaptarse a campañas escolares segundo os intereses do profesorado e alumnado de primaria e secundaria podendo poñerse o acento en diferentes pasaxes da obra de Cervantes ou na dieta mediterránea con contidos supervisados pola Fundación Dieta Mediterránea. Quixote é un espectáculo ideal para gozar en familia nenos e maiores a través da gastronomía e a literatura.

Do mesmo xeito é un espectáculo para compartir con adultos as historias do enxeñoso fidalgo ao redor da comida, bebida e o ocio. Quen nunca se sentiu um Quixote loitando contra muiños de vento?





# OS ESPAZOS

É un espectáculo totalmente adaptable a diferentes espazos. Dende propostas en espazos convencionais, teatros e auditorios como para espazos non convencionais tanto interiores como exteriores.

Ao longo dos anos foi programado con versións adaptadas para:

Salas de ata 50 persoas, pequenos teatros de ata 200 persoas, Auditorios, de ata 500 persoas, café-teatros, cociñas, un barco teatro, centros culturais, prazas,... Incluso nunha garaxe dentro do festival Localidades Agotadas de Oviedo

**Un gran espectáculo e unha gran historia en formato de peto**





# A RECEITA

INGREDIENTES: POTAXE DE VIXILIA

- Aceite de oliva
- Cebolas, Cenoura, tomate
- Garavanzos
- Espinafres
- Bacallao
- Pan relado, pementon doce e picante, allo.
- Sal

- 1) Quecemos o aceite
- 2) Fritimos a cebola, cenoura e tomate
- 3) Engadimos auga.
- 4) Engadimos garavanzos e espinafres
- 5) Engadimos o bacallao
- 6) Engadimos o maxado de pan

-


-





# XIRA

Mais de 120 funcións con xira por 27 provincias de 12 comunidades autónomas entre 2011 e 2015, dúas xiras en Brasil (2013 e 2015), xira en Francia (2014) e representacións en Portugal (2014)



# XIRA

- Estrea na Casa da Cultura de Alaejos (Salamanca) 21 de outubro de 2011
- Espectáculo residente en Azart - The Ship of Fool. Barco-teatro Holandés en Donostia de setembro a decembro de 2012.
- Festival Localidades Agotadas de Oviedo en maio de 2013.
- Ciclo "Domingos na Casa". Espazo FdE de Sao Paulo (Brasil) en novembro de 2013.
- Espectáculo inaugural do FITA (Festival Internacional de teatro do Alentejo) de Beja (Portugal) en marzo de 2014.
- Xira de 11 funcións cofinanciada polo Ministerio de Cultura de Francia pola Bretaña en maio de 2014.
- Espectáculo seleccionado na Rede de Teatros de Castilla – La Mancha
- Festival de Inverno de Franco da Rocha (SP-Brasil) en xullo de 2015.
- Feira Galega de teatro – Galicia Escena Pro 2015
- Festival Escena Cervantes – Sociedad Cervantina Madrid 2015







# EQUIPO

**En escena:** Fran Núñez

**Mestre Cociñeiro:** Jose Manuel Hernández

**Dirección:** Nuria Gullón

**Dramaturxia:** Sergio Macias

**Textos:** Cervantes e outros autores

**Adaptación dramática:** Fran Núñez

**Colaboración escénica:** Manuel Polo

**Espazo:** Fran Núñez e Pablo Iriarte

**Iluminación:** Fran Núñez

**E.S.P:** Jose Manuel Núñez

**Producción executiva e idea orixinal:** Fran Núñez

**Producción:** Cris Alonso e Candi Álvarez

**Producción Francia:** Enora Trebern

**Producción Brasil:** Karol Nurza

**Distribución:** Carlos Matínez Carbonell-





**SERGIO MACÍAS**

Licenciado en Arte Dramática pola RESAD de Madrid ten traballado para compañías como o Teatro Español, a Fundación Shakespeare ou a Compañía de García Moreno. En audiovisual ten traballado en series como “Los Serrano”, “La que se avecina” o “Cuéntame” onde interpreta ao profesor de latín. Na actualidade compaxina a docencia na especialidade de interpretación textual ESAD de Galicia coa dirección do espectáculo “Papa Noel es una mierda” de Los Goliardos.

**DRAMATURXIA**



## **NURIA GULLÓN**

Licenciada en Arte Dramática pola RESAD de Madrid e mestrado en pedagogía pola UVIGO ten traballado para compañías como o Centro Dramático Galego, Sarabela, Teatro Español, Factoría Teatro ou Els Comediants. Na actualidade é profesora do departamento de Voz e Expresión Oral da ESAD Galicia en Vigo e traballa con Teatro del Hereje na produción “Teresa” así como en diversas series de televisión para a TVG

# **DIRECCIÓN**



**FRAN NÚÑEZ**

Licenciado en Arte Dramática pola ESAD Galicia. Ao mesmo tempo participou de estancias formativas na República Checa, Austria, Croacia e Italia entre as que destaca o Interplay Europa 2014 de xoves dramaturgos. Traballou en diferentes postos en compañías públicas e privadas en España, Portugal, Italia e Francia entre as que destacan: Centro Dramático Galego, Teatro Español, Teatro de la Zarzuela, Teatro del Hereje, Centro Dramático Nacional, Orquesta Sinfónica de Galicia, a Real Filharmonía, Zancalino, Els Comediants, La fura de Baus, Quinquilláns, Matarile, Los Goliardos ou The Ship of Fools.

# INTERPRETACIÓN





**Carlos Martínez Carbonell**

PROYECTOS CULTURALES  
Y DIST. ESPECTÁCULOS

**678 460 559**

[cmcarbonell@cremilo.es](mailto:cmcarbonell@cremilo.es)

[www.cremilo.es](http://www.cremilo.es)